REUNIÓN DA COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 08.02.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección de catro vogais do Consello galego de Universidades.

24072 (10/ECGU-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Comunicación expiración mandato Consello Galego de Universidades

Punto 2. Preguntas

2.1 21827 (10/POC-003488)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 7 máis
Sobre os traballos e programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

2.2 23047 (10/POC-003809)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non adoptar ningunha medida para evitar a progresiva deterioración que pacede o túnel romano de Montefurado, no concello de Quiroga, e non iniciar o expediente para a súa catalogación como "ben de interese cultural", así como as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018

2.3 23626 (10/POC-003939)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado de deterioración do mosteiro de Oia, o imcumprimento do réxime de visitas e as medidas que pensa adoptar para a súa rehabilitación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 20306 (10/PNC-001650)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, do concello de Muxía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017

3.2 21040 (10/PNC-001724)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a introdución polo Goberno galego, na normativa vixente, do cómputo do alumnado repetidor para a determinación das ratios máximas de alumnado por grupo, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017

3.3 21178 (10/PNC-001741)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis
Sobre a cesión gratuíta pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e ás diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade das instalacións que está a ocupar na actualidade a Biblioteca Pública de Ourense na rúa do Concello, tralo seu traslado ao Complexo Cultural de San Francisco
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017

3.4 22788 (10/PNC-001829)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a restitución pola Xunta de Galicia ás escolas oficiais de idiomas da competencia na formación e certificación dos coñecementos do profesorado galego en todas as linguas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar	P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo	P

Secretaria

Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Teresa Egerique Mosquera	P
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 08.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elección de catro vogais do Consello galego de Universidades.

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 08.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 24072(10/ECGU-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Comunicación expiración mandato Consello Galego de Universidades

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
24 XAN. 2018
Núm. 24072

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 XAN. 2018
SAÍDA
Num. 17

Adxunto remito solicitude do secretario xeral de Universidades para os efectos de proceder a elección dos 4 membros que lle corresponde ao Parlamento de Galicia designar no Consello Galego de Universidades, pola expiración do período de mandato de 4 anos, establecido no Regulamento polo que se rixe o Consello Galego de Universidades.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 22/01/2018 13:36:36

CVE: xzyKcgRPD1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela

Asunto: Renovación membros do Consello Galego de Universidades

O Regulamento do Consello Galego de Universidades, aprobado por Decreto 98/2014, do 17 de xullo, determina no artigo 5 a súa composición; forman parte do mesmo, entre outros, segundo apartado h)

> *h) Catro membros designados pola comisión do Parlamento de Galicia competente en materia universitaria, en proporción á súa representación no Pleno do Parlamento.*

Por Orde do 21 de novembro de 2013, pola que se fai pública a composición do Consello Galego de Universidades, noméanse como vogais, os seguintes membros designados pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia, competente en materia universitaria:

- ✔ Senén Barro Ameneiro.
- ✔ Encarnación González Vázquez.
- ✔ José Carlos de Miguel Domínguez.
- ✔ Miguel Domingo Rodríguez Bugarín.

A duración do mandato dos membros do Consello Galego de Universidades de designación parlamentaria será de catro anos, e permanecerán en funcións dende a expiración do devandito período ata a toma de posesión dos novos membros (art.8).

Os acordos de designación dos membros elixidos polo Parlamento de Galicia seranlle comunicados á persoa titular da consellería competente en materia de universidades, quen procederá a nomealos mediante orde da súa consellería, que se publicará no Diario Oficial de Galicia e producirá efectos a partir desa data.

Por todo o exposto, e transcorridos mais de catro anos dende a última designación, solicitamos comunique ao Parlamento de Galicia, que proceda á elección dos 4 membros que lle corresponde designar no Consello Galego de Universidades, pola expiración do período de mandato establecido na mencionado Regulamento do Consello Galego de Universidades.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2018
O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
22 XAN. 2018
ENTRADA
Num. 45

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi s/n
15781 Santiago de compostela

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 17/01/2018 08:34:52
SAÍDA 5101 / RX 60969

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 08.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 08.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 21827(10/POC-003488)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre os traballos e programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:17
Nº Rexistro: 21827
Data envio: 27/12/2017 12:17:13.775

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e **Martín Fernández Prado,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

As bibliotecas escolares son instrumentos educativos que contribúen a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no seu uso crítico.

Polo tanto, as bibliotecas escolares deben contribuír a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, ao mesmo tempo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, converténdose nunha ferramenta indispensable no proceso educativo.

Deste xeito, as bibliotecas escolares son instrumentos imprescindibles que as comunidades escolares deben organizar e dinamizar como un centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, un centro creativo das aprendizaxes, de carácter dinámico e en constante actualización. Así entendida, a biblioteca escolar pode ser un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, que axude a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros, proporcionando ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué traballos e programas se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas para que acaden o obxectivo de converterse en espazos fulcrais no proceso de aprendizaxe do sistema educativo galego?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2017 10:38:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2017 12:17
Nº Rexistro: 21827
Data envio: 27/12/2017 12:17:13.775

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2017 10:38:54

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2017 10:39:00

Carlos Gómez Salgado na data 27/12/2017 10:39:07

Carlos Enrique López Crespo na data 27/12/2017 10:39:18

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2017 10:39:25

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/12/2017 10:39:32

Martín Fernández Prado na data 27/12/2017 10:39:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 08.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 23047(10/POC-003809)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non adoptar ningunha medida para evitar a progresiva deterioración que pacede o túnel romano de Montefurado, no concello de Quiroga, e non iniciar o expediente para a súa catalogación como "ben de interese cultural", así como as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 246, 24.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 12:48
Nº Rexistro: 23047
Data envio: 15/01/2018 12:48:27.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o progresivo deterioro do Túnel de Montefurado, no Concello de Quiroga, e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galiza para a súa consolidación.

O Túnel de Montefurado ou Boca do Monte é unha obra de enxeñaría romana de máis de dous mil anos localizada no concello de Quiroga. Nos últimos anos a situación na que se atopa empeorou como consecuencia do paso do tempo, dos efectos da erosión causada polo río Sil e a falta de actuacións para o consolidar.

Xa no ano 2013 a través dunha moción impulsada polo grupo municipal do BNG en Quiroga o Pleno do Concello de Quiroga demando á Xunta de Galiza iniciar o proceso para declaralo Ben de Interese Cultural (BIC) e mesmo estudar a posibilidade de que se incluíse na listaxe de bens Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

O pasado ano 2017, o grupo de Goberno do Concello de Quiroga, en mans do Partido Popular, volveu dirixirse ao Goberno galego para reclamar a adopción de medidas urxentes para paliar o grave deterioro do túnel.

No concreto, segundo o propio alcalde, reclamóuselle axuda á Dirección Xeral de Patrimonio o 20 de marzo e o 16 de maio de 2017 sen ter obtido resposta algunha por parte da Xunta.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 12:48
Nº Rexistro: 23047
Data envio: 15/01/2018 12:48:27.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montefurado constitúe o maior resto monumental da minaría romana no noroeste da Península Ibérica, xunto coas Médulas. Foi construído no século II coa finalidade de desviar a auga do Sil e poder así extraer ouro da cunca. A súa estrutura orixinal era de 120 metros de longo. En 1934 tivo lugar o maior derrubamento até o de agora rexistrado na estrutura ficando reducida aos 52 metros actuais.

A tramitación do expediente para a declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC), paso previo á súa candidatura como Patrimonio da Humanidade, abranguerá a Boca do Monte, malia todo, o túnel non pode continuar sendo obxecto do desleixo institucional que leva padecendo por parte da Xunta.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Por que a Xunta de Galiza non adoptou ningunha medida para evitar o progresivo deterioro do Túnel de Montefurado malia as sucesivas peticións por parte do Concello de Quiroga e colectivos sociais?

- Por que Patrimonio non iniciou o expediente para a súa catalogación BIC despois de o solicitar o Concello de Quiroga en 2013?

- Cre o Goberno galego que a situación na que se atopa o Túnel de Montefurado é a acaída nun ben que aspira, como outros da contorna e a Ribeira Sacra no seu conxunto, a ser declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 12:48
Nº Rexistro: 23047
Data envio: 15/01/2018 12:48:27.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas prevé adoptar e en que prazo de tempo a Xunta de Galiza para paliar e reverter o progresivo deterioro sufrido no Túnel de Montefurado?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2018 12:46:01

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2018 12:46:06

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2018 12:46:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/01/2018 12:46:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 12:48
Nº Rexistro: 23047
Data envio: 15/01/2018 12:48:27.676

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 15/01/2018 12:46:10

Xosé Luis Bará Torres na data 15/01/2018 12:46:12

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 08.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 23626(10/POC-003939)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do estado de deterioración do mosteiro de Oia, o imcumprimento do réxime de visitas e as medidas que pensa adoptar para a súa rehabilitación

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 18:26
Nº Rexistro: 23626
Data envio: 18/01/2018 18:26:47.597

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª, relativa á protección do Mosteiro de OIA.

Hai unha Historia coñecida.

O Mosteiro é un emblema do Concello (representado no escudo) e de toda a comarca. Algúns autores xa falan da súa existencia en tempos de Martiño de Dumio no século VI e outros atribúen a súa fundación a san Froitoso de Braga un século máis tarde. No século XII hai referencias a unha comunidade monástica, pero é no 1137 cando ten lugar a súa fundación, para logo incorporarse á Orde do Císter no ano 1185.

Após a desamortización de Mendizábal, o Estado fai unha poxa pública do mosteiro en lotes e a igrexa pasa a ser parroquial.

O século XX supón un constante cambio de mans.

O Mosteiro e BIC dende o ano 1931.

Até 2004, ano en que o complexo recae no seu actual propietario, a navieira Vasco Gallega y Consignaciones con anos de actividade no sector do transporte e na distribución de mercadorías, tras comprarllo en 2004 por 2,4 millóns € ao Banco Pastor (entidade que, co visto e prace do Goberno de Manuel Fraga no ano 2000, proxectara un hotel de 5 estrelas e un centro termal no mosteiro).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 18:26
Nº Rexistro: 23626
Data envio: 18/01/2018 18:26:47.597

Pasados 13 anos, Vasco Gallega y Consignaciones, creada polo empresario Juan Martínez, mudou de nome a Kaleido Ideas & Logistics, mais o mosteiro, lonxe de evolucionar, sufriu unha deterioración palpábel.

En 2005 créase Residencial Monasterio de Oia, S.A., promotora do proxecto hoteleiro, residencial e turístico impulsado por Juan Martínez. A entidade asegura que o principal obxectivo pasa pola restauración, rehabilitación e posta en valor do conxunto monacal e da súa contorna. "Formúlase a instalación dun complexo hostaleiro composto por un hotel de 4 estrelas cunha capacidade aproximada de 72 cuartos e mil metros cadrados de salóns para celebracións e eventos localizados no cenobio", afirma a empresa, "recóllese tamén a construción de "150 prazas de aparcadoiro exteriores para uso de visitantes e clientes". Aparellado a este proxecto, prevese instalar un centro de talasoterapia "e a posibilidade de desenvolver nos terreos do ámbito de actuación unha serie de edificacións de uso hoteleiro e/ou residencial cuxa tipoloxía e desenvolvemento terán relación coa trama do lugar. A intención é ser un elemento que a complete e non un elemento que agreda". O proxecto leva tramitándose desde entón con non poucos enfrontamentos entre a promotora e o Concello.

Ficaron paralizados os procesos urbanísticos destinados a rehabilitalo como complexo hoteleiro e residencial.

SOS Mosteiro, plataforma en defensa do Mosteiro de Oia, formada por veciñas e veciños, testemuñas do deterioro, ven demandando hai anos que se cumpra a Lei do Patrimonio, é dicir, que se garanta a conservación deste monumento. Denuncia o incumprimento da lei e a lamentable situación na que se topa o Conxunto Histórico Artístico de Oia, tanto polo deterioro arquitectónico como pola reclamación xurídico-patrimonial que o propietario lle presenta ao Concello en concepto de perdas económicas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 18:26
Nº Rexistro: 23626
Data envio: 18/01/2018 18:26:47.597

A non restauración das dependencias do mosteiro pon en perigo a axeitada conservación dun dos edificios mais relevantes do conxunto como e a antiga igrexa monacal necesitada tamén de atención.

Hai unha Historia silenciada:

CAMPO DE CONCENTRACIÓN. REPRESIÓN

Falar de Santa María de Oia é falar tamén do tempo e da ausencia.

Santa María foi campo de concentración no ano 37 (entre 3.500 e 5.000 presos, cataláns, mallorquinos… sufriron a represión entre as súas paredes). Un dos eixes do terror imposto para asoballar á oposición, xa que a súa finalidade era a persecución, illamento, castigo, humillación e difamación da disidencia, así como a resocialización nos valores del "Nuevo Estado". O seu obxecto non eran só o exército republicano, senón tamén os partidos políticos, sindicatos ou intelectuais "desafectos"...

O pasado faise presente non só coa representación da realidade, a traverso da memoria dunha actividade oculta da que coñecemos algún testemuño e testemuña. A historia silenciada, si. A "Cartografía da represión franquista" alimenta as nosas conciencias. Este lugar acumulou unha enorme carga histórica e tráxica . A presencia nas paredes dalgunhas estancias de grafitos correspondentes a esta época, testemuña única, que merece ser preservada.

Non acontece da mesma maneira noutros lugares. Por que aquí si?

Por que só fican pegadas ocultas e silencios?

ESTADO DE DETERIORACIÓN

As chuvias de decembro de 2017, produciron un importante burato na parte norte do teito do Mosteiro, deteriorando máis este Ben de Interese Cultural.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 18:26
Nº Rexistro: 23626
Data envio: 18/01/2018 18:26:47.597

Malia todo, os vaivéns políticos impediron que o pleno da corporación dese luz verde a un proxecto que ficou paralizado. De feito, agora os donos piden unha indemnización de 3,3 millóns de €.

En calquera caso, desde SOS Mosteiro insisten en que nada diso exime de cumprir a legalidade, que existe e que obriga ao proprietario a asegurar a conservación do ben e á Administración velar para que se faga de forma efectiva.

Representantes da Asociación, atribúen o estado do monumento á especulación urbanística. Desde o verán non se cumpre o réxime de visitas, que obriga a abrir catro veces ao mes as portas do conxunto, de stilo cisterciense e emprazamento único, á veira do Atlántico.

A Asociación tamén denuncia o desleixo que está levando ao colapso do cenobio, tras décadas de abandono.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Que lle parece ao Goberno da Xunta que o Mosteiro de Oia estea en tal estado de deterioración?

- Ten constancia o Goberno galego do incumprimento das visitas públicas catro días ao mes?

- Ten pensado o Goberno galego esixir á propietaria do Mosteiro de Oia reparar a cuberta e rehabilitar o Conxunto Histórico Artístico?

- Ten intención de tomar algunha medida para expropiar o cenobio cisterciense ao seu dono e proceder a súa rehabilitación integral?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 18:26
Nº Rexistro: 23626
Data envio: 18/01/2018 18:26:47.597

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/01/2018 18:24:28

Luca Chao Pérez na data 18/01/2018 18:24:35

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 08.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 08.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.1 20306(10/PNC-001650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, do concello de Muxía

Publicación da iniciativa, 215, 22.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 12:41
Nº Rexistro: 20306
Data envio: 16/11/2017 12:41:13.064

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez e María Dolores Toja Suárez** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Exposición de motivos

Está claro que el espolio realizado polos Franco vai moito máis alá do Pazo de Meirás. De forma continua están aparecendo obxectos apropiados de forma ilexítima por membros da familia. Agora acaba de darse a coñecer que a muller do ditador, Carmen Franco, levouse da igrexa de románica de San Xián de Moraime do século XI, situada no concello de Muxía, ao redor de 1960, dous pilóns medievais de gran valor que adornaban o patio da casa reitoral. Un era unha pila bautismal e outro unha de auga bendita.

O párroco de Moraime, testemuña desta apropiación, en 1980 e por consello de Domingo García Sabell, foi a un notario para testemuñar o sucedido e presentar todas as probas documentais de que as pilas medievais pertencían á igrexa de Moraime.

Ademais de varias xestións dun particular denunciando estes feitos, en 2010 o alcalde de Muxía dirixiuse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para darlle a coñecer esta situación pero nunca obtivo resposta. Polo que se ve a Xunta de Galicia, máxima garante por lei da conservación do patrimonio artístico galego, non lle preocupaba que uns obxectos medievais de moito valor estiveran de forma ilexítima en mans da familia Franco. De feito segue sen importarlle, porque nada fixo para recuperalas a pesar de ter acta notarial da denuncia dos feitos e probas documentais do espolio.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 12:41
Nº Rexistro: 20306
Data envio: 16/11/2017 12:41:13.064

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, como maior responsable por lei da preservación e seguridade do patrimonio histórico e artístico de Galicia, inicie de forma inmediata, todos os trámites necesarios para recuperar os dous pilóns medievais que a familia Franco se levou de forma ilexítima da igrexa de San Xián de Moraime.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
María Dolores Toja Suárez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/11/2017 12:35:00

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 16/11/2017 12:35:13

María Dolores Toja Suárez na data 16/11/2017 12:35:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/11/2017 12:36:29

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 08.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.2 21040(10/PNC-001724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a introdución polo Goberno galego, na normativa vixente, do cómputo do alumnado repetidor para a determinación das ratios máximas de alumnado por grupo, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo

Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 12:53
Nº Rexistro: 21040
Data envio: 01/12/2017 12:53:01.652

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luis Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Unha educación de calidade pasa, necesariamente, por potenciar e dignificar o noso sistema educativo e o seu principal activo: a rede pública de ensino.

A política de recortes dos gobernos do Partido Popular reduciu de forma alarmante os medios humanos e materiais en todo o sistema de educación pública, poñendo en grave perigo o nivel de calidade alcanzado co esforzo de toda a sociedade galega nos últimos 30 anos.

Unha parte importante dos recortes aos que facemos referencia súfreos o profesorado, tanto nas súas retribucións (ao igual que o resto dos empregados públicos) como nas súas condicións de traballo.

A tan repetida recuperación económica á que fai referencia o Partido Popular non ten visos de se trasladar a este colectivo de traballadores que son, e niso coincidimos co Partido Popular (aínda que no caso do PP trátase de meras soflamas), o elemento fundamental da calidade do sistema educativo.

Máis horas de clase, máis alumnos por aula, máis materias afíns; esa é a realidade dos últimos anos, como consecuencia de reducir en centos o número de profesores e profesoras, nesa pretendida optimización de facer máis con menos. E, evidentemente, non estamos a referirnos a meras impresións subxectivas.

A publicación das ordes do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a do 4 de xuño de 2012 que modifica a anterior, constatan a máis crúa realidade do que estamos a dicir logo de derrogar unha normativa vixente dende o ano 1987 e que dotaba de estabilidade a planificación dos centros; a primeira delas por iniciativa do

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 12:53
Nº Rexistro: 21040
Data envio: 01/12/2017 12:53:01.652

Goberno da Xunta de Galicia e a segunda, como consecuencia do establecido no Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

En efecto, ambas normativas ao incrementar o horario docente permitiron non facer máis con menos se non facer máis explotando aos mesmos que xa estaban.

Por se o anterior non fose dabondo no empeoramento das condicións de traballo dos docentes, tamén se tomou a decisión de que o alumnado repetidor non computase a efectos de ratio dos grupos, de xeito que se produce un dobre prexuízo:

- Sobre os docentes que deben atender a máis alumnos por aula e que son incapaces de poñer en práctica as medidas de atención específicas previstas para a alumnado repetidor.

- Sobre o alumnado en xeral e sobre o repetidor en particular que precisa dunhas medidas que a propia normativa recoñece como obrigatorias.

Entendemos que a situación exposta debe mudar cara aos estándares acordes con esa recuperación económica, polo que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Introducir na normativa o cómputo do alumnado repetidor en todas as etapas educativas para a determinación das ratios máximas de alumnos e alumnas por grupo.

2º) Dirixirse o Goberno do Estado e solicitarlle a derrogación do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo**.**

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 12:53
Nº Rexistro: 21040
Data envio: 01/12/2017 12:53:01.652

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/12/2017 12:45:27

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/12/2017 12:45:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/12/2017 12:45:46

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 08.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.3 21178(10/PNC-001741)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre a cesión gratuíta pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e ás diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade das instalacións que está a ocupar na actualidade a Biblioteca Pública de Ourense na rúa do Concello, tralo seu traslado ao Complexo Cultural de San Francisco

Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:20
Nº Rexistro: 21178
Data envio: 05/12/2017 17:20:07.966

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez e** do seu deputado **David Rodríguez Estévez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª,** relativa á cesión gratuíta das instalacións, no actual edificio da Biblioteca Pública de Ourense, na Rúa do Concello nº 11, ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e a diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade, no momento no que a Biblioteca sexa trasladada ao Complexo Cultural de San Francisco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Parece que finalmente o proxecto da Biblioteca Pública do Estado será unha realidade palpable e tanxible no vindeiro ano 2018, despois de 17 anos de espera. Lonxe fica xa a adxudicación inicial do proxecto no ano 2000, a subsanación de erros acometida no 2007, e os litixios xudiciais entre a anterior empresa adxudicataria e as administracións.

Este proxecto implica varios niveis administrativos: Ministerio de Cultura, Consellería e Concello de Ourense. Conta cunha superficie de máis de 12.000 metros cadrados, bañado pola luz natural, diáfano e ben diferente da biblioteca actual, no edificio da Rúa Concello.

Ubicada no Complexo Cultural de San Francisco, ao carón do claustro gótico (que constitúe unha das pezas máis relevantes do patrimonio histórico-cultural da cidade), compartirá espazo co futuro edificio do Arquivo Histórico Provincial e complementará aos xa existentes: Auditorio Municipal, Universidade Popular e Escolas Municipais de Teatro e Artes Escénicas.

Unha vez rematada a obra, procederase ao traslado da actual Biblioteca Pública situada na Rúa Concello nº 11 e ao baleirado do edificio de 5 plantas actualmente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:20
Nº Rexistro: 21178
Data envio: 05/12/2017 17:20:07.966

ocupadas por unha sala infantil e xuvenil, biblioteca e salón de actos con 110 butacas, sala de lectura, sala de actividades e arquivos, ademais da actual sede da Delegación de Educación.

O espazo baleiro, unha vez que se trasladen os 200.000 volumes que alberga a Biblioteca, podería acoller ao Ateneo de Ourense e ao Cineclub Padre Feijóo, así como a diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade carentes de espazo.

O Ateneo de Ourense está provisionalmente instalado nas dependencias do Centro Cultural Marcos Valcárcel xa que a Xunta afirmou que non dispuña de local ningún para ofrecelo como sede. Unha vez que se complete o traslado da Biblioteca Pública a San Francisco, segundo se comprometeu o Conselleiro Román Rodríguez, procederá a reordenar o edificio e estudar a cesión do espazo ao Ateneo.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego, a través da Consellería de Educación, Cultura, e Ordenación Universitaria, á cesión gratuíta das instalacións, no actual edificio da Biblioteca Pública de Ourense na Rúa do Concello nº 11, ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e a diferentes asociación e colectivos culturais da cidade, no momento no que a Biblioteca sexa trasladada ao Complexo Cultural de San Francisco.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda, Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez Voceiro do G.P. de En Marea

Davide Rodríguez Estévez

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2017 17:20
Nº Rexistro: 21178
Data envio: 05/12/2017 17:20:07.966

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/12/2017 17:16:50

Luca Chao Pérez na data 05/12/2017 17:16:59

David Rodríguez Estévez na data 05/12/2017 17:17:09

Luis Villares Naveira na data 05/12/2017 17:17:17

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura
Día: 08.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.4 22788(10/PNC-001829)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a restitución pola Xunta de Galicia ás escolas oficiais de idiomas da competencia na formación e certificación dos coñecementos do profesorado galego en todas as linguas

Publicación da iniciativa, 241, 17.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:29
Nº Rexistro: 22788
Data envio: 11/01/2018 13:29:19.179

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a privatización dos procesos de certificación dos coñecementos de inglés do profesorado galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Profesorado de Escolas Oficias de Idiomas de Galicia (Apeoiga) e a CIG-Ensino denunciaron publicamente a decisión da Xunta de Galiza a través da Consellaría de Educación de conceder a empresas privadas a certificación dos coñecementos de inglés do profesorado, un labor que até o de agora viñan desenvolvendo as Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) de acordo coas súas funcións legalmente estabelecidas no Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico das Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Autónoma de Galiza.

Esta medida, que supón a privatización deste procedemento de certificación, será desenvolvida por entidades alleas á administración pública mais valéndose do persoal do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Desde o BNG, ao igual que o colectivo profesional e a central sindical, consideramos que esta decisión supón unha usurpación das funcións que lle

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:29
Nº Rexistro: 22788
Data envio: 11/01/2018 13:29:19.179

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

corresponden ás EOI e un chanzo máis no proceso de privatizacións emprendido polo Partido Popular nos servizos públicos.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a devolver ás Escolas Oficiais de Idiomas a competencia na formación e certificación dos coñecementos do profesorado galego en todas as linguas."

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:29
Nº Rexistro: 22788
Data envio: 11/01/2018 13:29:19.179

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2018 13:25:33

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2018 13:25:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/01/2018 13:25:42

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2018 13:25:44

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2018 13:25:45

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2018 13:25:51